

BASES DO CONCURSO

Organizado pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

PRIMEIRA. Obxecto do concurso

Concienciar aos nosos rapaces e rapazas sobre cómo pequenos cambios nos hábitos poden facer mellorar a saúde, a calidade do aire e, ao tempo, reducir a contaminación acústica nas cidades. Evidenciar a necesidade de facer un uso racional dos vehículos a motor e a importancia de recorrer a outros medios de transporte como as bicicletas, os transportes colectivos ou camiñar, como medios de transporte que son respectuosos co medio ambiente

SEGUNDA. Participantes

Os participantes serán nenos de primeiro a sexto de primaria de tódolos colexios da provincia da Coruña. Os traballos presentaranse segundo a idade a tres posibles categorías:

1. Debuxo individual (para alumnado de 6 a 9 anos)
2. Conto curto (para alumnado de 10 a 12 anos)
3. Mellora a mobilidade no teu cole/cidade (mellor idea presentada por un colexio)

O tema para o debuxo individual e o conto será **“A túa cidade sen coches”**

TERCEIRA. Dinámica e soporte

A técnica da realización do debuxo individual é libre (lapis, acuarela, témpera, óleo, etc). O tamaño do debuxo será DIN A4, sen enmarcado ou montaxe de ningún tipo. Presentarase un único debuxo por participante, acompañado dun lema ou frase explicativa.

O conto curto ou relato breve, non excederá de 3 páxinas en letra Arial tamaño 12. Interlineado 1,5.

A idea presentada polo colexio para conseguir unha mobilidade máis sostible dentro do alumnado do seu colexio, deberá ir acompañada dunha explicación de cómo a implementarían, de xeito que se conseguise aplicar cunha alta porcentaxe de éxito.

CUARTA. Inscripción e prazo de entrega dos traballos

O prazo para apuntarse ao concurso rematará o 7 de outubro (tanto para alumnos como para colexios). Os concursantes poderán apuntarse mandando un correo electrónico a concurso.mobilidade@faepac.org, segundo o formato dispoñible na web de FAEPAC

O prazo para presentar os debuxos/contos/ideas rematará o 28 de Outubro. Poderán ser depositados na sede de FAEPAC, poden enviarse escaneados á dirección concurso.mobilidade@faepac.org, ou ben ser mandados por correo postal a

FAEPAC (CONCURSO)
Rúa Alcalde José Vilaboy Pajón s/n
15320 As Pontes (A Coruña)

Cada colexio entregará un sobre por categoría, onde se incluírán tódolos traballos que se presenten. Xunto cos orixinais deberase entregar unha folla cos datos do autor (nome, curso, colexio ao que pertence, enderezo e teléfono do colexio, segundo formato dispoñible na web de FAEPAC) e título da obra. Entregaranse nun sobre pechado e sen dobrar.

QUINTA. Premios

Concederanse 3 premios por categoría (para as categorías de debuxo e conto curto):

- 1º premio: unha bicicleta
- 2º premio: un monopatín
- 3º premio: unhas zapatillas deportivas

As tres mellores ideas presentadas polos colexios serán premiadas coa realización, por parte de FAEPAC, dunha auditoría enerxética de xeito gratuíto

SEXTA. Xurado

Os gañadores serán seleccionados por un xurado, composto por representantes da Deputación da Coruña e FAEPAC que valorarán a obra. O xurado tomará os acordos por maioría de votos, a decisión do xurado será inapelable. O resultado farase público a partir do día 7 de novembro, a través da páxina web e facebook de FAEPAC, a entrega de premios realizarase nun acto público do cal se informará previamente.

SÉTIMA. Aceptación das bases, dereitos de imaxe e protección de datos

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases, incluso as autorizacións necesarias de quen ostente a representación legal dos participantes. Os traballos dos participantes quedarán en propiedade de FAEPAC, reservándose o dereito de publicación.

FAEPAC non precisa de ningún dato persoal dos participantes, senón que será o colexio correspondente o que identificará aos alumnos concursantes.